

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

As plantas clasifícanse en dous grandes grupos: as plantas con flores e as plantas sen flores.

As plantas con flores teñen semente e divídense en anxiospermas, que producen froitos, e ximnospermas, que non producen froitos.

As plantas sen flores non producen sementes e son principalmente os musgos e fentos.

1 Escribe o tipo de planta a que se refire cada característica.

Teñen un talo subterráneo do que saen as raíces e as follas.

Suxéitanse ao chan por medio duns pelos ou raiciñas.

As follas adoitan ter forma de agulla.

Poden ser árbores, arbustos ou herbas.

2 Que diferenzas existen entre as flores das anxiospermas e as das ximnospermas?

3 A seguinte oración é errónea. Escríbea de novo correctamente.

As plantas teñen flores todo o ano, agás nalgunhas épocas, normalmente na primavera ou no verán.

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A vexetación é o conxunto de plantas que se poden atopar nun lugar. O tipo de vexetación depende de características como o clima, o tipo de terreo ou a humidade. Segundo isto, podemos distinguir entre bosques, matogueiras, pradarías ou desertos.

1 Completa as seguintes oracións.

- Os _____ compóñense de moitas árbores que medran moi xuntas.
- A matogueira está formada sobre todo por _____.
- As _____ son grandes extensións cubertas de herba e sen apenas _____ nin _____.
- No _____ as plantas sobreviven con pouca _____.

2 Segundo a vexetación, escribe a que lugar lle corresponde cada frase.

Para que se forme, cómpre que haxa suficiente humidade e un bo terreo.

Aparece cando o terreo é demasiado pobre para que haxa un bosque ou non hai suficiente humidade.

É frecuente en lugares con longas tempadas de seca.

É consecuencia dun clima moi extremo onde case non chove.

3 Observa a fotografía e describe as súas características.



Terreo: _____

Humidade: _____

Tipo de vexetación: _____
